

Lei 30 / 1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 35. Dereitos dos cidadáns.

Os cidadáns, nas súas relacións coas administracións públicas, teñen os dereitos seguintes:

- a) A coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados, e obter copias de documentos contidos neles.
- b) A identificar ás autoridades e mais o persoal o servizo das administracións públicas baixo dos que estea a responsabilidade de tramitar os procedementos.
- c) A obter copia selada dos documentos que presenten, achegándoa canda os orixinais, así como á devolución destes, agás cando os orixinais deban obrar no procedemento.
- d) A utilizar as linguas oficiais no territorio da súa Comunidade Autónoma, de acordo co previsto nesta lei e máis no resto do ordenamento xurídico.
- e) A formular alegacións e a aportar documentos en calquera fase do procedemento anterior ao trámite de audiencia, que deberán terse en conta polo órgano competente ao redactar a proposta de resolución.
- f) A non presentar documentos non esixidos polas normas aplicables ao procedemento do que se trate, ou que xa estean en poder da Administración actuante.
- g) A obter información e orientación acerca dos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes imponhan aos proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar.
- h) Ao acceso aos rexistros e arquivos das administracións públicas nos termos previstos na Constitución e máis nesta e noutras leis.
- i) A seren tratados con respecto e deferencia polas autoridades e funcionarios, que haberán de lles facilitar o exercicio dos seus dereitos e máis o cumprimento das súas obrigas.
- l) A esixir as responsabilidades das administracións públicas e do persoal ao seu servizo, cando así corresponda legalmente.
- m) Calquera outros que lles recoñezan a Constitución e as leis.

Artigo 36. Lingua dos procedementos.

1. A lingua dos procedementos tramitados pola Administración Xeral do Estado será o castelán. Non obstante o anterior, os interesados que se dirixan aos órganos da Administración Xeral do Estado con sede no territorio dunha comunidade autónoma poderán utilizar tamén a lingua que sexa cooficial nela.

Neste caso, o procedemento tramitarase na lingua elixida polo interesado. Se concorren varios interesados no procedemento, e existise discrepancia no tocante á lingua, o procedemento tramitarase en castelán, aínda que os documentos ou testemuños que requiran os interesados expediranse na lingua elixida por eles.

2. Nos procedementos tramitados polas administracións das comunidades autónomas e das entidades locais, o uso da lingua terase que axustar ao previsto na lexislación autonómica correspondente.

En calquera caso, deberanse traducir ao castelán os documentos que deban producir efectos fóra do territorio da Comunidade Autónoma e os dirixidos aos interesados que así o soliciten expresamente.

3. Os expedientes ou as partes deles redactados nunha lingua cooficial distinta do castelán, cando vaian producir efectos fóra do territorio da Comunidade Autónoma, deberán ser traducidos ao castelán pola Administración Pública instrutora.